

**DON JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO, ALCALDE DESTE CONCELLO,**

**A TODOS OS VECIÑOS DO TÉRMINO MUNICIPAL**

**INFORMA:** Que está aberto o prazo de solicitudes para o PROGRAMA BENESTAR EN BALNEARIOS 2019, convocado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

**BALNEARIOS** (dende 287,50 € ata 361 €, estadias de 10 días/9 noites con tratamento termal, aloxamento e pensión completa):

- |   |   |
|---|---|
| - Balneario de Acuña _ Caldas de Reis (Pontevedra)  | - Baños Vellos de Carballo S.A. _ Carballo (A Coruña)   |
| - Caldaria Termal, S.L.U. _ Arnoia (Ourense)  | - Termas de Cuntis S.L. (con aloxamento no Hotel Castro do Balneario de Cuntis) _ Cuntis (Pontevedra) |
| - Hotel Balneario de Augas Santas S.L.U. - Ferreira de Pantón (Lugo)  | - Caldaria Termal, S.L.U. Laias _ Cenlle (Ourense)  |
| - Os Baños da Brea, S.L. _ Vila de Cruces (Pontevedra)  | - Lobios (con aloxamento en Hotel Lusitano) _ Lobios (Ourense)  |
| - Balneario de Molgas, S.L. _ Baños de Molgas (Ourense)   | - Balneario do Río Pambre S.L. - Palas de Rei (Lugo)  |
| - Balneario de Caldelas, S.L. _ Tui (Pontevedra)  | - Balneario Termas de Lugo S.L. - Lugo  |
| - Gran Balneario de Carballiño (con aloxamento na Residenc. Tempo Libre do Carballiño) _ Carballiño (Ourense) | - Balneario de Mondariz _ Mondariz (Pontevedra)   |

**BENEFICIARIOS, requisitos:**

- Ser maior de 60 anos, ou de 55 reunindo a condición de pensionista do Sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, agás no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes.
- Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

**Poderán ser ACOMPAÑANTES:** 1) Os cónxuxes/parella de feito ou con relación análoga á conxugal, que cumpran os requisitos anteriores, excepto o sinalado na letra a). 2) Fillo/a con discapacidade do 33% ou máis que non necesite axuda de 3ª persoa e comparta cuarto con proxenitores. 3) Persoa coa desexe acudir o solicitante, sempre que cumpra todos os requisitos.

**PAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ATA O 2 DE MAIO DESTE ANO 2019.**

Para máis información dirixirse aos **Servizos Sociais Comunitarios:**

Telfs.: **Sede OZA \_ 981792000 e Sede CESURAS \_ 981790001; ext. 2 en ámbolos dous teléfonos.**

Asdo: O ALCALDE